


RUTAS AO AIRE LIBRE

ABRIL 2021. RÍO BELELLE (NEDA)



DATA: Sábado, 24 de abril de 2021

HORARIO: Hora de inicio 10:00 h, hora prevista de saída 10:15 h. Hora prevista de finalización 13:45 h.

PUNTO DE SAÍDA: FVVG+78 Neda
Lugar Fervenza, 9, 15577 Neda, A Coruña, España
<https://maps.google.com/maps/search/Lugar%20Fervenza%2C%209%2C%2015577%20Neda%2C%20A%20Coru%C3%B1a%2C%20Espana%2C%20Espana/@43.49274632374717,-8.122921474277973,17z?hl=es>

PUNTO DE CHEGADA: Lugar Fervenza, 9, 15577 Neda, A Coruña, España



TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta): 604 02 11 69

DESCRICIÓN:

Desprazámonos no coche ata O Roxal (Neda). Colleremos o desvío que pon “Pazo Isabel II” e “Fervenza Belelle”. O punto de encontro será o aparcamento situado diante do pazo onde comezamos o roteiro.

Sairemos en dirección ao Muiño da Barcia e chegaremos á central hidroeléctrica do Belelle. Achegáremos a ver o pé da fermosa fervenza, para logo comezar a subida por carreiro cómodo ata a central de carga, onde tamén teremos unhas estupendas vistas do alto da fervenza.

Remontaremos a canalización río arriba seguindo o muro da mesma que se mantén en moi bo estado e en uso. Un agradable camiño polo alto do val cunhas increíbles vistas da flora autóctona ata chegar á presa. Deixaremos o río para dirixirnos á aldea de Belelle. Pouco despois chegaremos ao pobo de Viladonelle, onde nos achegaremos á Igrexa de Santo Adré de Viladonelle, para finalmente ir ao Miradoiro da Fervenza, este percorrido deixaranos de novo na central, para volver ao aparcamento, punto de inicio e meta da nosa actividade.

NIVEL DE DIFICULTADE: Dificultade baixa

DISTANCIA: 10,95 Km.

DURACIÓN APROXIMADA: De 3 horas e 30 minutos en función das persoas participantes. Grupo mínimo de 8 persoas e máximo de 15 persoas.

PROTOCOLO COVID: Segundo o que permitan as restricións sanitarias no momento de realizar a ruta. De todos os xeitos, será obrigatorio o emprego de máscara, preferiblemente hixiénica de un só uso. Deberán manterse as distancias interpersoais de 1,5m.


Antes de iniciar a actividade, desinfectaranse as mans. Prohibición do acceso á actividade de calquera persoa, ben que presente síntomas compatibles coa COVID-19, ben que estivese en contacto con persoas infectadas ou sospeite que o estivo.



12/4/2021

MIDE completo

Rio Beelle Viladonelle				
horario	3h 35'		 1	severidad del medio natural
desnivel de subida	392 m		 2	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	392 m		 2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	11,0 Km		 3	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular			
Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.				
Calculado sobre datos de 2021.				



COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo. Cantidade de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<i>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado</i> <i>O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</i>	